

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONCELLO DE POIO PARA A CONTRATACIÓN DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL DURANTE A TEMPADA DE VERÁN 2019

En Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Pola outra parte, Luciano Sobral Fernández, alcalde do Concello de Poio, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Ambas as partes recoñécense mutuamente, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e para o efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. As administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia, ao abeiro do disposto no artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SEGUNDO. Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podéndose levar a cabo mediante subvencións eventuais ou continuas e a subscripción de convenios.

TERCEIRO. O Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, configura esta como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do goberno en materia de administración local así como as competencias en materia de asistencia á Administración Local e o fomento das liñas de colaboración coas Entidades Locais.



Á súa vez, o artigo 22 do antedito decreto determina que a Dirección Xeral de Administración Local é o órgano encargado da xestión das competencias atribuídas á Xunta de Galicia en materia de Administración local e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

CUARTO. Que, segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza.

QUINTO. A Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, sinala que lles corresponde ás comunidades autónomas, consonte a mesma lei e a de réxime local xa citada, coordinar as actuacións das policía locais dentro do seu ámbito territorial.

Con tal motivo promulgouse a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, co obxectivo de coordinar as policía locais do seu territorio, obter un funcionamento homoxéneo destes corpos e acadar unha acción conxunta e eficaz no sistema de seguridade pública galega.

Nesta mesma Lei, no artigo 95, prevese que nos concellos con aumento notorio de poboación, en tempadas determinadas, poderase incrementar transitoriamente o seu cadro de persoal mediante a contratación de persoal con funcións de auxiliar de policía.

SEXTO. Con data 29 de xullo de 2019, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de conformidade co previsto no artigo 5 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas (DOG núm. 201, do 20 de outubro), aprobou o Plan Específico de subvencións a concellos turísticos de Galicia con elevado incremento poboacional, para a contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán 2019.

Neste Plan establécese que para canalizar as subvencións previstas formalizaranse os correspondentes convenios de colaboración, mediante os que se contraerán, con cargo ao crédito orzamentario que legalmente procede, os compromisos económicos concretos que se deriven das obrigas asumidas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para colaborar nas referidas contratacións.

Conforme co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, ao realizarse o convenio en desenvolvemento do Plan Específico de subvencións aprobado, onde se recollen as razóns de interese público que xustifican a aplicación dos fondos dispoñibles mediante o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa de subvencións para a contratación temporal de auxiliares de policía local durante a tempada de verán, a aqueles concellos turísticos de Galicia co maior incremento estacional de poboación vinculado ao seu carácter de destinos turísticos e á capacidade en prazas de aloxamento.

SÉTIMO. O Concello de Poio, segundo datos do Instituto Galego de Estatística, atópase entre os concellos turísticos de Galicia con poboación superior a 10.000 habitantes que dispoñen de maior número de prazas de aloxamento. Durante a tempada de verán, o incremento de poboación neste núcleo require un esforzo adicional para atender a demanda dunha seguridade pública municipal reforzada, que responda con garantías a estas específicas condicións estacionais, mediante o recurso á contratación de persoal con funcións de auxiliar de policía, figura recollida no artigo 95 da Lei 4/2007, do 20 de abril, xa citada.

As dificultades para afrontar os compromisos económicos que o reforzamento dos cadros da policía local durante a tempada de verán representan para as facendas municipais únense á necesaria aplicación de criterios de eficiencia na asignación dos recursos públicos, nun contexto de austeridade económica e estabilidade orzamentaria no que se inscribe a acción de todas as administracións públicas, sen que a Administración Local constitúa unha excepción neste sentido.

Pola súa banda, a Xunta de Galicia ten entre os seus obxectivos potenciar e apoiar a prestación de servizos por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados; neste sentido atopa de interese reforzar a vixilancia e a seguridade nos concellos turísticos de Galicia con maior incremento poboacional estacional, co fin de aumentar a eficacia dos seus corpos de policía local no desenvolvemento das funcións que lles son propias durante a tempada de verán 2019 (xuño, xullo, agosto e setembro). Asemade representa unha medida de apoio ao mantemento dun importante tecido socioeconómico e da prestación de servizos, que redonda na mellora da calidade de vida local que é o ámbito máis próximo e que incide de xeito máis directo na vida da cidadanía.

A conxuntura descrita, a necesaria aplicación de criterios de eficiencia na asignación dos recursos públicos así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no reforzamento da seguridade nos concellos turísticos con maior incremento poboacional estacional, en definitiva, na eliminación de carencias nos servizos municipais sobre os que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican a aplicación dos fondos dispoñibles mediante o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención ao Concello de Poio, de conformidade co previsto no Plan Específico de subvencións citado no punto sexto da parte expositiva deste convenio.

OITAVO. O Concello cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

NOVENO. Así, co fin de materializar a cooperación antes descrita, e estimando que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, acorda subscribir o presente convenio de colaboración co Concello de Poio para a contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán 2019, consonte as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Poio para aumentar a eficacia do seu corpo de policía local, no desenvolvemento das funcións que lle son propias, durante a tempada de verán 2019 mediante a contratación de auxiliares de policía local.

Segunda. Obrigas do beneficiario.

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do concello:

- a. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b. Destinar os fondos que se perciban ao obxecto concreto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
- c. Cumprir o establecido nos artigos 95 e 96 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, e demais normativa concordante.
- d. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, nos termos establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
- e. Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
 - Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención e para a correcta execución e xustificación do proxecto subvencionado.
 - Incumprimento da obriga de acreditar documentalmente a efectividade do pagamento dos gastos correspondentes ás actuacións subvencionadas, no prazo e na forma indicada na cláusula oitava deste convenio.
 - Reintegrarse o exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda da cantidade resultante de aplicar a porcentaxe de subvención correspondente ao gasto xustificado e efectivamente pagado polo concello, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en relación co artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e coas estipulacións deste convenio.
 - Nos suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- f. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- g. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- h. Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.



Terceira. Obrigas da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

1. A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cooperará na realización das actuacións á que se refire a cláusula primeira deste convenio de colaboración, mediante a achega máxima de SEIS MIL EUROS (6.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.460.0 (C.P. 2015 00095) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019. Esta cantidade representa o 19,27% do orzamento da actuación subvencionada que, cun importe de 31.133,17 €, se xunta como anexo a este convenio e forma parte del.
2. No caso de que os gastos realizados e xustificados polo concello teñan un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente das actuacións subvencionadas, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total das actuacións, dando lugar, de ser o caso, ao inicio dun procedemento de reintegro total ou parcial da subvención percibida.

Cuarta. Gastos subvencionables

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que incorra ou tivese incorrido o concello para a contratación de auxiliares de Policía Local durante a tempada de verán (xuño, xullo, agosto e setembro) do ano 2019, nos termos do artigo 95 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, aínda que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura deste, sempre que se trate de gastos correspondentes ao período subvencionable.

Quinta. Conta xustificativa

1. Para percibir o importe da subvención ou o que corresponda no caso de non xustificar a totalidade do orzamento presentado, e en todo caso para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, o concello beneficiario deberá acreditar a execución das actuacións subvencionadas mediante a presentación da seguinte documentación, asinada electronicamente:
 - a. Declaración responsable asinada electronicamente polo alcalde/pola alcaldesa en que se faga constar:
 - O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos e o compromiso de comunicar de contado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.
 - Que o concello non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que a entidade beneficiaria está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública



da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.

- b. Certificación emitida e asinada electronicamente polo secretario ou pola secretaria do concello, na cal se faga constar:
 - O acordo de aprobación polo órgano competente do concello representante dos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables ao proxecto subvencionado, no cal conste que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención, que inclúa a relación de gastos con identificación das persoas acreedoras (traballador/a, Tesouraría Xeral da Seguridade Social, Axencia Tributaria), número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga.
 - Que, segundo informe da intervención municipal, se tomou razón na contabilidade, en fase de recoñecemento da obriga, dos gastos correspondentes á execución do proxecto subvencionado.
 - De ser o caso, que na selección e contratación do persoal seguíronse os procedementos establecidos na normativa de aplicación á selección do persoal ao servizo das administracións públicas con pleno respecto aos principios de igualdade, merito e capacidade.

Á vista desta documentación o órgano competente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza expedirá certificación acreditativa do cumprimento polo concello beneficiario e dentro dos prazos establecidos, dos requisitos esixidos neste convenio para proceder ao pagamento da subvención.

2. A Dirección Xeral de Administración Local poderá solicitar calquera outra documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.

Sexta. Prazos de execución e xustificación

A data límite para a execución das actuacións subvencionadas é o 30 de setembro de 2019 e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o 15 de novembro de 2019.

Sétima. Perda do dereito ao cobramento da subvención

1. Producirase a perda do dereito do Concello de Poio ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación, xustificación insuficiente ou incompleta, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.
2. Sen prexuízo de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso unha causa de perda do dereito ao cobramento da subvención as seguintes:
 - a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo establecido e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.
 - b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos, considerarase incumprimento das condicións establecidas para a concesión as seguintes:



- Non executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención, que é a contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán do exercicio 2019. En todo caso, entenderase que non se executou o proxecto completo cando se xustifiquen gastos por importe inferior ao 60% sobre o orzamento inicial ou unha modificación deste debidamente autorizada polo órgano concedente.
- Non acreditar na forma establecida na cláusula quinta que na contratación do persoal auxiliar de policía local se seguiron os procedementos establecidos na normativa de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas con pleno respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade.
- O incumprimento da obriga de acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación, nos termos establecidos na cláusula quinta.

Oitava. Efectividade dos pagamentos

1. De conformidade co artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades ás entidades locais galegas (DOG núm. 201, do 2 de outubro) e para os efectos do establecido no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.
2. No entanto, cada concello beneficiario está obrigado a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos dos gastos correspondentes ás actuacións subvencionadas, incorporados na relación indicada na cláusula quinta, alínea a), no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso da subvención concedida na conta bancaria do concello beneficiario.
3. A efectividade dos pagamentos acreditarase mediante a presentación dos seguintes documentos:
 - a) Os gastos de persoal acredítanse mediante a presentación de nóminas, documentos RNT e RLC da Seguridade Social, e copia do documento Modelo 111. Retencións e ingresos a conta presentado na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
 - b) Os pagamentos acredítanse mediante a presentación da seguinte documentación:
 - O pagamento de nóminas mediante xustificante da transferencia bancaria á conta do perceptor.
 - O pagamento das cotas da seguridade social, mediante a presentación dos recibos de cargo en conta emitidos pola entidade bancaria a través da cal se realice o pagamento.
 - Documentación xustificativa do ingreso na Axencia Tributaria das retencións e ingresos a conta do IRPF, nos supostos en que este sexa subvencionable, e certificación emitida pola secretaría municipal na que conste que o importe desa retención vai incluída no/s respectivo/s modelo/s 111 ou 190 presentados como xustificación do gasto.
4. Os xustificantes de transferencias bancarias estarán debidamente identificados e selados pola entidade bancaria.

Naqueles casos en que o pagamento se realice mediante banca electrónica, o xustificante da transferencia bancaria deberá presentarse asinado electronicamente pola entidade beneficiaria das subvencións e nel constará a identificación da persoa e cargo que asina o xustificante de pagamento.

5. Para o cómputo do prazo dos sesenta días naturais, o concello presentará un certificado da intervención municipal, asinado electronicamente, en que se faga constar a data de ingreso na conta bancaria do concello do aboamento da subvención.
6. A Dirección Xeral de Administración Local poderá solicitar calquera outra documentación necesaria para a correcta verificación da efectividade dos pagamentos realizados.

Novena. Reintegros

1. Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.
2. No caso de producirse o incumprimento das obrigas do beneficiario da subvención recollidas na cláusula segunda deste convenio ou calquera outra das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, o concello beneficiario comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no título II do mesmo texto legal.
3. O incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos establecidos na cláusula oitava constitúe causa de reintegro das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora correspondentes.
4. Procederá o reintegro proporcional se o custo efectivo final do proxecto resulta inferior ao orzado. O eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia a proporción que a achega debe alcanzar respecto do custo total, de conformidade co previsto na cláusula terceira deste convenio.
5. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.
6. De resolverse o convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

Décima. Compatibilidade con outras subvencións

1. A achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.
2. Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo do proxecto subvencionado.



Undécima. Facultades de inspección

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través dos seus servizos técnicos resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

Duodécima. Seguimento do convenio

1. Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión de mixta de seguimento, integrada por dúas persoas representantes da Dirección Xeral de Administración Local e dúas persoas representantes do concello.
2. A comisión rexerá polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e estará presidida por quen acorden os membros da comisión por maioría simple e actuará como secretario quen designen da mesma forma.
3. A comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento, debendo reunirse cando así o solicite algunha das partes. As súas funcións serán:
 - Interpretación do convenio
 - Intervención previa á resolución por incumprimento
 - Proposta, de ser o caso, de addendas
 - Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
 - Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio

Décimo terceira. Causas de resolución

O presente convenio extingúese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) Incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Transcurso do tempo fixado sen que se executen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- c) Acordo unánime de todas as partes asinantes.
- d) Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- e) Calquera outra causa prevista nas leis

Décimo cuarta. Vixencia do Convenio

Sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de outubro de 2019.



Décimo quinta. Natureza do Convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Décimo sexta. Publicidade do convenio

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo sétima. Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións, no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e demais normativa de aplicación.

E en proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

O vicepresidente e conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

O alcalde do Concello de Poio

Alfonso Rueda Valenzuela

Luciano Sobral Fernández